

Considérase necesaria a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos precisos para a realización das obras do proxecto técnico sinalado, xa que segundo sinala a deputación, as obras que se realizarán consisten no alargamento da plataforma e aumento do raio das curvas, nunha vía de comunicación que conta con características moi restritivas en largo de calzada e visibilidade, dado o accidentado do terreo e a antigüidade da súa construción, o que afecta de maneira significativa a seguridade viaria tanto do tráfico rodado como peonil, polo que a actuación proxectada reduciría o risco de accidentes de tráfico.

A competencia para a declaración da urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia segundo o disposto nos artigos 27.2º e 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de febreiro de dous mil cinco

DISPOÑO:

Artigo único.-De conformidade co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, declárase a urxente ocupación, pola Deputación Provincial de Lugo para efectos de expropiación forzosa, dos bens e dereitos concretados no expediente administrativo instruído para o efecto e necesarios para a execución das obras do proxecto de nº 115, Plan de Obras e Servizos 2003 Carballedo, estrada provincial da Barrela por Esmoriz á estrada comarcal 533, alargamento e mellora punto quilométrico 4,900 ao 5,900, debendo, se é o caso, unha vez ocupados os terreos necesarios, obter as autorizacións que fosen necesarias dos organismos competentes, con carácter previo ao inicio das obras.

Santiago de Compostela, vinte e catro de febreiro de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para actividades programadas por entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 que lle corresponde á Comunidade

Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias do deporte e a axeitada utilización do lecer, así como a promoción do desenvolvemento comunitario.

Polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 280/2003, do 17 de xuño, polo que se modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, no que se estableceu a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, modificado polo Decreto 215/2004, do 23 de setembro, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 11 a estrutura básica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado que conta cunha Dirección Xeral de Xuventude á que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, desenvolvido polo Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado considera obxectivo prioritario potenciar a actividade asociativa xuvenil para promover o desenvolvemento comunitario e a participación da mocidade na vida social, política, económica e cultural. Para conseguir este obxectivo é fundamental prestar apoio ás entidades que traballan neste eido, posibilitando a realización de actividades que sexan de interese para a poboación xuvenil, fomentando e potenciando dese xeito o seu nivel participativo. Por isto establécense estas axudas, dirixidas á promoción do asociacionismo xuvenil, así como a posibilitar a realización de actividades de carácter ambiental, de carácter socio-educativo dirixidas a incrementar a concienciación social sobre as distintas problemáticas que afectan a mocidade, de carácter formativo, de animación sociocultural, de aire libre, e aquelas outras dirixidas a incrementar a formación integral da mocidade así como as relacións e intercambios con outros grupos doutros ámbitos territoriais e culturais.

Esta convocatoria axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións e no establecido na Lei 13/2004, do 29 de decembro, pola que se aproban os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para

o ano 2005, así como ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta disposición ten por obxecto establecer as bases que rexen as axudas para actividades programadas por entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade, sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria.

2. Poderán ser obxecto de subvención os seguintes programas de actividades, realizados desde o 1 de xaneiro de 2005 e dirixidos á mozos e mozas de entre 12 e 30 anos:

- a) Promoción do asociacionismo xuvenil.
- b) Realización de actividades que promovan o coñecemento, uso e expansión de novas tecnoloxías entre a mocidade.
- c) Actividades de aire libre, ambiente e natureza.
- d) Realización de actividades de carácter socio-educativo dirixidas a tratar as distintas problemáticas que hoxe en día afectan a mocidade.
- e) Programas de animación sociocultural en xeral.
- f) Intercambios con entidades xuvenís doutras comunidades autónomas e países estranxeiros.
- g) Calquera programa polivalente de actividades que incidan na formación integral da mocidade.

3. Quedarán excluídos, para os efectos do parágrafo anterior, os programas docentes e deportivos previstos en plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo. Tamén estarán excluídos os gastos derivados do normal funcionamento das entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude. Igualmente, en concordancia coa aplicación orzamentaria que financia estas axudas, exclúense os posibles gastos das entidades que se consideren investimentos ou sexan destinados á merca de material inventariable.

4. En todo caso, en canto aos gastos subvencionables haberá que a terse ao disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado financiará as anteditas subvencións con cargo á partida orzamentaria 1403.355B.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 cunha contía de 315.500 euros, con reflexo orzamentario nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2005.

Artigo 3º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar subvencións as organizacións xuvenís e entidades prestadoras de servizos á mocidade, sen ánimo de lucro, que estean inscritas no correspondente censo dependente da Dirección Xeral de Xuventude, regulado no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude (*Diario Oficial de Galicia* nº 49, do 10 de marzo), extremo que deberán facer constar no impreso de solicitude no espazo reservado para tal fin (anexo I). Non poderán solicitar subvención aquelas entidades cuxa inscrición no dito censo se atope en trámite o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2. Será requisito imprescindible para poder solicitar a subvención o ter xustificado debidamente as axudas, recibidas no último ano.

Artigo 4º.-Normas xerais sobre subvencións e documentación.

1. As solicitudes, co formato do impreso de solicitude (anexo I), dirixiranse á directora xeral de Xuventude, cando se trate de entidades de ámbito superior a unha provincia, ou ao correspondente delegado provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, no caso de entidades de ámbito provincial ou inferior.

Poderán presentarse no rexistro xeral desta consellería, nos rexistros das súas delegacións provinciais, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se o expediente se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que a solicitude sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de proceder á súa certificación.

2. As solicitudes irán xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI da persoa que subscribe a solicitude e acreditación da súa lexitimación como representante da entidade, mediante certificación do secretario da entidade ou fotocopia compulsada da acta en que se recolla a composición do órgano de dirección.

b) Fotocopia compulsada do CIF da entidade.

c) Certificado dunha conta bancaria aberta a nome da entidade.

d) Breve memoria explicativa do proxecto de actividades que se pretenden realizar, especificando para cada unha delas: actuacións que comprenderá a realización da actividade, número estimado de beneficiarios, lugar e datas de realización, obxectivos perseguidos e orzamento de gastos por capítulos.

e) Declaración de conxunto de todas as solicitudes de axuda efectuadas ou concedidas, para a mesma actividade, das distintas administracións públicas competentes.

3. O prazo de presentación de solicitudes será de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto no artigo 42 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

4. Se na solicitude se apreciasen defectos ou falta de documentación, por parte da Dirección Xeral de Xuventude ou das delegacións provinciais da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, será requirido o solicitante para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se así non o fixera se lle terá por desistido da súa petición, logo de resolución de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que será ditada nos termos do artigo 42 da referida lei.

Artigo 5º.-Contía máxima obxecto da subvención.

1. A contía da axuda concedida non poderá exceder do 75% do orzamento total da/s actividade/s subvencionada/s.

2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

3. Se a Dirección Xeral de Xuventude considerase que o crédito asignado a esta orde fose insuficiente, debido ao número de solicitudes presentadas, e sempre que houbese existencia de crédito orzamentario na aplicación correspondente, tramitarase unha modificación da convocatoria nese sentido, logo de fiscalización do expediente.

Artigo 6º.-Criterios de avaliación.

A avaliación dos proxectos presentados efectuarase conforme os seguintes criterios:

-Aqueles con finalidade pedagóxica ou informativa.

-O número de destinatarios e a proxección social das actividades propostas.

-Os programas promovidos por entidades de ámbito rural, a destinataria principal será a mocidade deste medio.

-O carácter continuado e non simplemente ocasional das actividades programadas.

-Aqueles dirixidos a colectivos de mozos con dificultades de integración social.

-Que os programas presentados sexan complementarios das actuacións públicas ou satisfagan necesidades da xuventude non cubertas suficientemente na actualidade.

-Que a entidade realizase con éxito programas de actividades dirixidos a mozos galegos nos dous anos anteriores a esta convocatoria.

-Que o proxecto presentado comprenda actividades relacionadas coas actuacións incluídas no Plan Estratéxico de Xuventude 2004-2007.

Artigo 7º.-Tramitación e resolución.

1. No caso das entidades de ámbito superior a unha provincia, unha vez recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán sometidas á informe dos servizos técnicos da Dirección Xeral de Xuventude, e remitidas á comisión de valoración, que terá a seguinte composición:

a) O subdirector xeral de Centros e Promoción de Actividades, que actuará como presidente.

b) Un representante da subdirección xeral de Centros e Promoción de Actividades.

c) Un representante da subdirección xeral de Programas.

d) Un representante do servizo de Xestión e Coordinación Administrativa.

e) Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Xuventude.

A comisión de valoración baremará as solicitudes e redactará proposta de resolución, corresponderalle ditar a resolución á directora xeral de Xuventude, por delegación da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

2. No caso de entidades de ámbito provincial ou inferior, unha vez recibidas as solicitudes de subvención e a súa documentación, serán sometidas a informe dos servizos técnicos da delegación provincial, e remitidas á comisión de valoración, que terá a seguinte composición:

a) Secretario/a da delegación provincial da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado que actuará como presidente.

b) Xefe/a do servizo de Xuventude.

c) Xefe/a da sección de Xuventude.

d) Un representante do servizo de Administración e Contratación.

e) Actuará como secretario un funcionario da delegación provincial.

A comisión de valoración baremará as solicitudes e redactará proposta de resolución, corresponderalle ditala resolución ao/a delegado/a provincial, por delegación da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

3.- A resolución da solicitude de subvención serálles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. A dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditase no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza, órgano contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado reserva para si o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e comprobar a súa execución, cando o considere conveniente, así como de divulgar e dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

5. Os solicitantes aos que non lles fose concedida subvención disporán dun prazo dun mes, contado a partir da recepción da notificación, para retirar a documentación presentada. Transcorrido este prazo, arquivarase.

Artigo 8º.-Xustificación e pagamento da subvención.

1. Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma en que se indica a continuación.

2. A xustificación das axudas efectuarase ata o día 15 de outubro de 2005, mediante a presentación da seguinte documentación:

a) Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas ou autenticadas destas, de conformidade coa normativa vixente, referentes a todos os gastos realizados para o desenvolvemento dos programas que a entidade levou a cabo. Non se admitirán facturas

que xustifiquen gastos en investimentos, material inventariable ou gastos de administración e funcionamento da entidade.

b) Relación, asinada pola persoa responsable da entidade subvencionada, que recolla todas as facturas que se presenten como xustificación, debendo figurar nesta para cada unha delas os seguintes datos:

-NIF do que subscribe, que deberá ser persoa allea á entidade receptora do servizo.

-Concepto ou actividade realizada e que se factura.

-Importe, impostos incluídos.

-Actividade do proxecto subvencionado á que corresponde.

c) Deberá presentarse ademais unha breve memoria en que se deixará constancia do resultado das actividades realizadas e que foron obxecto de subvención. Esta memoria deberá ser asinada igualmente polo representante da entidade.

d) Igualmente, deberá xuntarse no momento da xustificación da execución total da actividade subvencionada e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3. Recibida e comprobada a documentación a que fai referencia o punto anterior, poderase proceder ao pagamento da subvención, de acordo coa normativa orzamentaria que sexa de aplicación.

4. En todo caso, no procedemento de xustificación da axuda, haberá que atermos para o efecto establece o artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán obrigadas:

1. A non modificar, sen autorización expresa da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, o programa de actividades inicialmente previsto.

2. A respectar a normas que, respecto da subcontratación das actividades subvencionadas establece o artigo 29 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

3. A admitir a comprobación da execución dos proxectos subvencionados por parte da Dirección

Xeral de Xuventude ou por parte dos órganos territoriais da consellería.

4. A facer constar en toda a publicidade xerada pola actividade subvencionada que recibiron axuda da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, empregando para isto a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia.

5. Estar sometido ás actuacións de comprobación que serán efectuadas pola Dirección Xeral de Xuventude, e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas.

6. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública de Comunidade Autónoma na forma que se determine regulamentariamente.

7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilexenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario e cada caso.

8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 10º.-Control e reintegro da subvención.

Procederá o reintegro nos termos e supostos previstos na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, en redacción dada polo artigo 78.10º e nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos casos seguintes:

1. Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente.

2. Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

3. Incumprimento total ou parcial da finalidade para a que foi concedida a subvención.

4. Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da axuda ou subvención pública.

5. Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión.

6. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, ou incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionables ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Artigo 12º.-Modificación da subvención.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-No caso de que unha vez ditada a resolución de concesión de axudas amparadas nesta orde quedase crédito sen adxudicar, poderase publicar unha segunda orde de convocatoria de subvencións. En todo caso, a concesión de axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación económica dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2005.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado na directora xeral de Xuventude e nos delegados provinciais, en función do seu respectivo ámbito competencial, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar os gastos e ordenar os correspondentes pagamentos.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Facúltase a directora xeral de Xuventude para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2005.

Pilar Rojo Noguera
Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte
e Voluntariado

ANEXO I

**XUNTA DE GALICIA****CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO**

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES XUVENÍS E PRESTADORAS DE SERVIZOS Á XUVENTUDE PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO FM306B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

EMPRESA / ENTIDADE	Nº INSCRICIÓN NO CENSO	CIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FAX

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

TIPO DE ACTIVIDADE

☐ PROMOCIÓN DO ASOCIACIONISMO XUVENIL.	☐ PROGRAMAS DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL EN XERAL.
☐ ACTIVIDADES DE EXPANSIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS ENTRE A MOCIDADE.	☐ INTERCAMBIOS CON ENTIDADES XUVENÍS DOUTRAS CC.AA. E PAÍSES ESTRANXEIROS.
☐ ACTIVIDADES DE AIRE LIBRE, AMBIENTE E NATUREZA.	☐ CALQUERA PROGRAMA POLIVALENTE DE ACTIVIDADES QUE INCIDAN NA FORMACIÓN INTEGRAL DA MOCIDADE.
☐ ACTIVIDADES DE CARÁCTER SOCIOEDUCATIVO ORIENTADAS A TRATAR AS DISTINTAS PROBLEMÁTICAS QUE AFECTAN A MOCIDADE.	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DA PERSOA QUE SUBSCRIBE A SOLICITUDE.
☐ ACREDITACIÓN DA SÚA LEXITIMACIÓN COMO REPRESENTANTE DA ENTIDADE CONFORME O DISPOSTO NO ARTIGO 4.2.A. DA ORDE DE CONVOCATORIA.
☐ FOTOCOPIA COMPULSADA DO CIF DA ENTIDADE.
☐ CERTIFICADO DUNHA CONTA BANCARIA ABERTA POLA ENTIDADE.
☐ BREVE MEMORIA EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES QUE SE PRETENDEN REALIZAR, CONFORME O DISPOSTO NO ARTIGO 4.2.D DA ORDE DE CONVOCATORIA.
☐ DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDA EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA ACTIVIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

ORZAMENTO TOTAL	CANTIDADE SOLICITADA
-----------------	----------------------

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para actividades programadas por entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude e se procede á súa convocatoria.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado (ámbito autonómico)
Delegado/a provincial (ámbito provincial)

Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias do deporte e a axeitada utilización do lecer, así como a promoción do desenvolvemento comunitario.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción socio-cultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 280/2003, do 17 de xuño, polo que se modifica o Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, no que se estableceu a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, modificado polo Decreto 215/2004, do 23 de setembro, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 11 a estrutura básica da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, que conta cunha Dirección Xeral de Xuventude á que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, desenvolvido polo Decreto 5/2005, do 13 de xaneiro.

Ante a importancia que hoxe adquire a organización de actividades de tempo libre e de utilización do lecer polos mozos, así como a axeitada formación dos responsables e técnicos de actividades de animación socio-cultural, debe apoiarse o traballo que realizan as escolas de tempo libre existentes na nosa Comunidade Autónoma, en tanto que centros recoñecidos oficialmente pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para impartir esa formación específica.

A realización de cursos ordinarios para a obtención dos títulos establecidos oficialmente en materia de tempo libre e animación socio-cultural, como aqueles máis específicos de perfeccionamento e actualización para as persoas xa tituladas, así como outras actividades formativas nesa materia, é cometido das escolas de tempo libre, entidades que a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, a través da Dirección Xeral de Xuventude, pretende promocionar coa convocatoria destas axudas.

Esta convocatoria axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas

e subvencións e no establecido na Lei 13/2004, do 29 de decembro, pola que se regulan os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2005, así como as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta disposición ten por obxecto establecer as bases que rexen as axudas para actividades realizadas, desde o 1 de xaneiro de 2005 por escolas de tempo libre, sen ánimo de lucro e se procede á súa convocatoria.

2. Poderán ser obxecto de subvención os seguintes programas de actividades:

a) Cursos de formación para dirixentes ou responsables de asociacións xuvenís.

b) Cursos de directores e monitores en actividades de tempo libre.

c) Organización e participación en conferencias, xornadas e congresos sobre as temáticas de tempo libre.

d) Realización de actividades de carácter socio-educativo dirixidas a tratar as distintas problemáticas que hoxe en día afectan a mocidade.

e) Intercambios técnicos con outras escolas de tempo libre, comunidades autónomas e países estranxeiros

3. Quedan excluídos, para os efectos de subvención os programas docentes e deportivos previstos nos plans regulados de ensino e deporte escolar e federativo. Tamén estarán excluídos os gastos derivados do normal funcionamento da escola. Igualmente, en concordancia coa aplicación orzamentaria que financia estas axudas, exclúense os posibles gastos das escolas que se consideren investimento ou sexan destinados á merca de material inventariable.

4. En todo caso, en canto aos gastos subvencionables, haberá que aterse ao disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado financiará as ditas subvencións con cargo á partida orzamentaria 14.03.355B.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005 cunha contía de 67.313 euros, con reflectimento orzamentario nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2005.